



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono y fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.gal
www.academiagalegabelasartes.org

Patrocinan:



Real Academia Galega de Belas Artes

RECITAL DE PIANO

JULIO MOURENZA

Martes, 18 de decembro de 2018
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

JULIO MOURENZA

A Coruña (1969). Julio Mourenza inicia os seus estudos pianísticos coa profesora Natalia Lamas, no Conservatorio Superior de Música de A Coruña, séndolle concedida a Matrícula de Honra e o Premio Extraordinario de Fin de Carreira.

Entre os anos 1991 e 1995 amplía a súa formación na *Musik Akademie der Stadt Basel*, de Basilea (Suíza), onde obtén o Diploma de Concerto (*KonzertreifeDiplom*), tras estudar cos profesores Laszlo Gyimesi (Piano), Gerard Wyss (Música de Cámara), Albert Guttmann (Acompañamento) e Rolf Möser (Clavicordio e Fortepiano). Posteriormente, ingresa na *Academia Franz Liszt* de Budapest, onde realiza estudos de Posgrao co profesor Kornel Zemleni durante o curso 1995-96. Continúa a súa formación pianística como alumno activo nos *Cursos del Aula de Música de la Universidad de Alcalá de Henares*, cos prestixiosos pianistas Ferenc Rados, Charles Rosen e Paul Badura-Skoda.

Participa nos Cursos de Verán da *Escola Superior de Música de Viena*, (*Hochschule für Musik Wien*), como alumno do profesor Rudolph Kehrer. Entre os anos 2002 e 2004 realiza o *I Master en Interpretación Pianística* organizado pola Universidade de A Coruña, impartido polo profesor Albert Jiménez Attenelle.

Como concertista actuou en prestixiosas salas galegas, como o Auditorio de Galicia en Santiago de Compostela, a Fundación Pedro Barrié de la Maza ou a Fundación Caixa Galicia en A Coruña, así como en outras cidades de España, Suíza, Holanda e Hungría. Como solista con orquestra cabe destacar a súa colaboración coa *RFG (Real Filharmonía de Galicia)*, baixo a dirección de Maximino Zumalave, interpretando o Concerto para piano e orquestra en Do maior KV 467 de Mozart. Con dita orquestra e director intervén como pianista na interpretación das Cancións Xacobeas de Antón García Abril, coa cantante Teresa Berganza, no Auditorio Nacional de Música de Madrid. Realiza outras colaboracións e estreas con membros da *OSG (Orquesta Sinfónica de Galicia)* baixo a dirección de José Luis Temes, e coa *Orquesta de Cámara Galega* baixo a dirección de Rogelio Groba Otero.

Tamén actuou como solista coa *Banda Municipal de Música da Coruña*, interpretando a "Rhapsody in Blue" de G. Gershwin. É membro fundador do grupo de música contemporánea **ensemble s2l**.

Realizou a estrea absoluta e a gravación da sonata para violonchelo e piano "Diálogos", de Rogelio Groba y Groba, e a estrea da obra pianística de Xosé Arriola (1895-1954), por encargo do Consello da Cultura Galega.

Julio Mourenza é na actualidade catedrático de Piano do Conservatorio Superior de Música de A Coruña. Ademais, é invitado regularmente a impartir cursos de interpretación pianística: *Conservatorio Profesional de Ferrol*, *Conservatorio de Verona* (Italia), *Academia Superior de Música da Universidade de Praga* (República Checa).

I PARTE

FRANZ SCHUBERT (1797-1828) Sonata en Si bemol maior, Dg6o (1828)

- I. Molto moderato
- II. Andante sostenuto
- III. Scherzo: Allegro vivace con delicatezza – Trio
- IV. Allegro, ma non troppo – Presto

II PARTE

CLAUDE DEBUSSY (1862-1918) 12 Preludios, Libro I (1910)

- I. Danseuses de Delphes
- II. Voiles
- III. Le vent dans la plaine
- IV. Les sons et les parfums tournent dans l'air du soir
- V. Les collines d'Anacapri
- VI. Des pas sur la neige
- VII. Ce qu'a vu le vent d'Ouest
- VIII. La fille aux cheveux de lin
- IX. La sérénade interrompue
- X. La Cathédrale engloutie
- XI. La danse de Puck
- XII. Minstrels